



“A NOITE NON TEN PORQUE SER ESCURA”

Na quenda de noite, temos as nosas propias problemáticas e necesitamos as nosas propias solucións!!!

Compartimos e sufrimos coas diferentes quendas as elevadas cargas de traballo, a escasa ergonomía, a presión da xerarquía. Con altos ritmos de traballo, incrementados por unha composición peor que a do día.

Na noite temos que engadir os nosos propios “horrores”.

A precariedade, non escollida: polo tipo de contratos eventuais pendentes de renovar cada tres meses, ou fixos que levamos 15 anos nesta empresa e temos aínda un contrato de 4 ou 5 horas (segundo conveña á empresa).

A flexibilidade, non desexada. Horarios á carta da empresa, hoxe prolongas xornada, mañá xa veremos e con avisar antes da derradeira parada date por fodida/o. A obriga de traballar 6 días á semana. Unha bolsa de horas que limita os nosos salarios, agora **traballar na noite ten tarifa plana.**

A discriminación, imposta: nas novacións 70% A DEDO e segundo o asinado no derradeiro convenio pode ser incluso máis. Tamén implica unha condena a estar eternamente na quenda da noite, a expensas de caerlle ben ou mal ao RPH.

A escravitude salarial: Un plus de nocturnidade practicamente conxelado dende o 2014. Cobrar un domingo a prezo de luns e logo nos programan descansos a dedo e sen salario.

A imposibilidade de conciliar na nosa quenda, Si queremos conciliar só pode ser na quenda de día e reducindo a xornada a 4 horas.

Estas e máis medidas foron negociadas pola empresa e asinadas por sindicatos que din que son o garante do emprego e do traballo (escravo).

Tamén sufrimos a imposibilidade de organizarse no transporte colectivo, ou en coche, entre persoas que viven na mesma zona.

Todo isto implica unha inestabilidade económica moi difícil de soste por moitas das familias das persoas traballadoras desta fábrica.

Agora máis que nunca, coa cesta da compra en máximos e sufrindo as paradas que afogan as nosas nóminas... **é necesario loitar.**

Hai unha pequena luz que podemos facer que sexa máis forte....

O obxectivo da CUT é unha **quenda de noite estable**, con **salarios dignos** acordes ao esforzo do traballo nocturno. **Xornadas de 8 horas** con só 5 días de traballo. A xornada do **domingo** terá que ser **extraordinaria e voluntaria**, como son os sábados nas quendas de día.

Somos conscientes que este é un obxectivo moi ambicioso e que non se vai a obter a curto prazo. Hai que remover moitos documentos lesivos, que están por debaixo da legalidade e que lle dan cobertura a estas condicións salvaxes de traballo.

Namentres seguiremos a reclamar que o **100% das novacións sexan por antigüidade. Uns Horarios mensuais** e programados, con un complemento económico se os modifican. O **aumento do plus de nocturnidade** por encima dos valores do 2014. Que os días de descanso da sexta xornada sexan consensuados, e que non lle toquen sempre as mesmas persoas os días “malos”.

Estes son os debates que se escollen nas eleccións. Non votes a quen asinou tanto abuso. **Co teu apoio conseguiremos que a noite non sexa tan escura e negra.**

CUT, prioridade ás persoas traballadoras. **SÚMATE**

